

Prestacións 2011

Os datos de prestacións por desemprego saen con máis atraso que o resto dos datos que facilita o Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), de aí a demora en fornecer esta información.

Se o dato se refire á media anual, aínda non temos os datos desagregados por tipo de prestación; só temos o dato global de perceptores/as, que é o que se ofrece no seguinte cadro.

Taxa de cobertura. Media anual.

	2009	2010	2011
Galiza			
Total	130.323	149.625	146.900
Contributiva	77.824	76.327	
Asistencial económica. Subsidio	46.051	65.951	
Renda activa de inserción	6.448	7.347	
Parados SEPE	222.839	237.313	241.323
Taxa de cobertura	58,5	63,0	60,9

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

De media, ao longo de 2011. a taxa de cobertura caeu 2,1 puntos debido a dous factores: medrou o número de persoas paradas e descendeu o número de perceptoras dalgún tipo de prestación.

Non debemos esquecer que para calcular a taxa de cobertura, non teñen en conta as persoas paradas que buscan o primeiro emprego, senón a taxa sería inferior.

Se en vez de analizarmos o media anual, collemos os datos do mes de decembro, podemos analizar por tipo de prestación e provincia.

Persoas perceptoras de prestación por tipo de prestación e provincia.
Decembro de 2011.

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galiza
Total	60.984	16.158	17.131	62.607	156.880
Contributiva	34.017	9.017	8.000	33.063	84.097
Asistencial económica. Subsidio	22.778	6.133	7.727	24.939	61.577
Renda activa de inserción	4.189	1.008	1.404	4.605	11.206
Parados SEPE	101.652	25.405	28.217	102.960	258.234
Taxa de cobertura	60,0	63,6	60,7	60,8	60,8

% contributiva	55,8	55,8	46,7	52,8	53,6

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

A finais de decembro, a taxa de cobertura é practicamente idéntica que na media, o 60,8%, e as diferenzas por provincias tampouco son moi acusadas; en todas se supera o 60%.

O dato máis grave é que apenas o 53,6% teñen dereito á prestación contributiva. O resto cobran ben subsidio ben a renda activa de inserción, coas diferenzas económicas que isto supón como veremos a continuación.

Gasto en prestacións. Decembro de 2011.

	Parados con prestación.	Gasto total	Gasto medio
	156.880	141.602.000	902,6
Contributiva	84.097	104.693.000	1244,9
Asistencial económica. Subsidio	61.577	32.066.000	520,7
Renda activa de inserción	11.206	4.843.000	432,2

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do SEPE.

O diferenza entre o perceptor da prestación contributiva é do subsidio é de máis do dobre.

Máis da metade das persoas paradas contan cuns ingresos que non lles permite vivir.

Natividad López Gromaz
Gabinete técnico Confederal